



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e innovación Educativa (DOG do 18 de setembro de 2024), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 25 de xullo (DOG do 9 de agosto) redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira. 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 alumnos/as, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todo o alumnado matriculado no Centro e incluído no censo correspondente, que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. Son elixibles os/as alumnos/as, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentada entre **o 1 e o 8 de novembro** ata as 14:00 horas do citado día.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidato, o día 11 de novembro, ás 12:10 horas. Dita mesa electoral estará composta polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos/as, actuando como secretario/a o/a de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 15 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos/das candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os/as alumnos/as propostos/as por cada unha das asociacións de alumnado existentes no centro ou que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores/as.
7. As votacións realizaranse neste IES **o día 19 de novembro, de 9:20 a 14:10 horas e de 16:00h. a 17:00 h.**
8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos/das candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá voto por correo.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ferrol, 30 de outubro de 2024.

O presidente da Xunta Electoral,



Jesús Mª Maíz San Martín.